

Renovacións

Os préstamos poden renovarse transcorridos 5 días desde o seu inicio e ata o día da súa caducidade. Para renovalos, accede á túa conta persoal na web, chama ao teléfono 881999417 ou achégate á biblioteca.

Non se permite renovar documentos reservados.



Reservas

Se o exemplar desexado está prestado, podes reservalo a través da túa conta persoal na páxina web ou na biblioteca. Cada persoa pode ter un máximo de 6 reservas (3 libros e revistas, 2 materiais doutro tipo e 1 lector de libro electrónico).

Os documentos reservados deben recollerse no prazo de 3 días; de non ser así, as reservas serán anuladas.

Devolucións

A devolución dos materiais debe realizarse na biblioteca onde se levou a cabo o préstamo.

Poden devolverse nos mostradores, nas máquinas de autodevolución ou na caixa situada no exterior das instalacións, dispoñible fóra do horario de apertura da biblioteca.

DL.: C 667-2025

O servizo de préstamo

O servizo de préstamo permite ás persoas usuarias da biblioteca ler ou consultar os documentos da biblioteca durante un período determinado. En xeral, este servizo permite gozar dos materiais fóra das súas instalacións, pero algúns, polas súas características, só poden usarse dentro dela.

Requisitos

Para utilizar o servizo de préstamo só precisas ter o carné de biblioteca, que é válido para toda a Rede de Bibliotecas de Galicia.

Podes consultar como solicitalo na nosa páxina web ou escaneando este código QR.



 biblio.publica.santiago@xunta.gal

 <https://bibliotecas.xunta.gal/santiago>

 <https://www.facebook.com/bpsanxelcasal>


 <https://x.com/bpsanxelcasal>

 <https://instagram.com/bpsanxelcasal>

 <https://bsky.app/profile/bpsanxelcasal.bsky.social>

 BIBLIOTECA PÚBLICA
DE SANTIAGO
ÁNHEL CASAL

SERVIZO DE PRÉSTAMO



Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

Avda. Xoán XXIII, s/nº
15704 Santiago de Compostela

Tlf. 881 999 401

 XUNTA
DE GALICIA

Préstamo persoal

Os préstamos realízanse no mostrador do andar baixo ou nas máquinas de autopréstamo (a partir de 14 anos).

O carné de persoa adulta permite levar ata 20 exemplares, combinando materiais de adultos e infantís.

Tipo de documento	Cantidade máxima	Período	Renovacións
Libros (adultos)	5	21 días	1
Libros (infantís)	5	21 días	1
Material audiovisual, sonoro e arquivos de ordenador (adultos)	3 (de cada tipo)	7 días	1
Material audiovisual, sonoro e arquivos de ordenador (infantís)	3 (de cada tipo)	7 días	1
Revistas (adultos)	3	7 días	1
Revistas (infantís)	3	7 días	1
Xogos de mesa	1	21 días	1
Lectores de libro electrónico (*)	1	21 días	1
Portátiles e tabletas (*)	1	1 día	-

(*) Para o préstamo de lectores de libro electrónico, portátiles e tabletas requírese ser maior de idade. Os portátiles e tabletas non se prestan a domicilio, son exclusivamente para uso nas instalacións da biblioteca.

O carné infantil permite levar prestados un máximo de 17 exemplares por persoa. Este carné dá acceso a libros, películas e outros documentos que non estean destinados exclusivamente a persoas adultas.

Tipo de documento	Cantidade máxima	Período	Renovacións
Libros infantís	5	21 días	1
Material audiovisual infantil	3	7 días	1
Material sonoro infantil	3	7 días	1
Arquivos de ordenador infantís	3	7 días	1
Revistas infantís	3	7 días	1

Suxestións de compra

Se precisas un documento que non forma parte da nosa colección, podes suxerir a súa compra e valorarémolo.

Préstamo interbibliotecario

A biblioteca proporciona a posibilidade de levar en préstamo os documentos que non se atopen entre os fondos do centro pero si noutras bibliotecas da Rede.

Podes informarte das condicións e solicitalo a través da nosa páxina web, no teléfono 881999420 ou na biblioteca.



Levámosche os préstamos á casa

Se estás enferma/o, encamada/o ou tes problemas de mobilidade, podemos levarche os materiais prestados á túa casa. Expón o teu caso e nós estudarémolo.

A casa ten que estar situada dentro do casco urbano e contar con servizo de autobús próximo. A duración dos préstamos neste caso é de 42 días para todo tipo de materiais.